


ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL 8

# Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 8. MONUMENTA: Festival de rutas ao redor do Patrimonio

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Martes, 15 de novembro de 2016



*Monumenta, andar con arte* é un programa de actividades culturais que se desenvolve ao redor da acción de camiñar e da experiencia da andaina como o mellor e o más antigo dos xeitos de explorar e de vivir o territorio. Con este novo horizonte, *Monumenta* avanza un paso máis á hora de mostrar, difundir e contar o noso patrimonio material —igrexas, castros e outros monumentos e lugares históricos— desde as achegas do patrimonio inmaterial, que é a raíz do seu significado.

O camiñar, como o respirar, revestiu de contido os nosos carreiros ao longo da historia, para configurar a paisaxe, os nosos relatos e vivencias. Co saber dos camiñantes convidados, *Monumenta* achega outra mirada aos nosos camiños, nos que se erguen os edificios históricos-relixiosos ou as primeiras instalacións da Revolución Industrial. Convidados expertos en diferentes áreas como a arquitectura, a arqueoloxía, a xeografía, a xeoloxía ou a arte, axudarannos a entender outras particularidades e valores dos diversos aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia. Con *Monumenta*, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia achégalle á cidadanía unha experiencia diferente de vivir e sentir o noso patrimonio, relacionando cada edificio co territorio e coa súa singularidade cultural e paisaxística.

## PROGRAMA

17:00 horas  
Presentación

17:15 horas  
*Microcharlas*

*Monumenta. Patrimonio e xestión cultural*  
**Julio Gómez**, Sinsal Audio

*Monumenta educa*  
**Ana Castro Davila e Beatriz Ojea**  
**Martínez de la Escalera**, Van Divulgación

*Monumenta. Patrimonio restaurado*  
**Marta Becerro**, Tomos Conservación  
Restauración

19:00 horas  
Debate

**ORGANIZA**

Sección de Patrimonio e Bens Culturais  
Consello da Cultura Galega

**COORDINA**

Rebeca Blanco Rotea

**LUGAR**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n 15705  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

**INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.  
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

**MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

